



**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS E POSTOS DE PSICÓLOGO/A ASESOR CIM (LISTA B).**

**Resultado do terceiro exercicio, coñecemento do idioma galego, realizado o 03/10/2019.-** Reunido o Tribunal cualificador, e logo da corrección do terceiro exercicio coa colaboración da asesora nomeada ao efecto, segundo os criterios establecidos no apartado 5.1 c), do artigo 5º, Fase de Oposición, da Base específica reguladora do proceso selectivo, as puntuacións obtidas polos/as aspirantes presentados/as, son as seguintes:

NOME E APELIDOS	NOTA
IRIA CASTELLANOS ALONSO	0,7
ANDERE GONZÁLEZ RICOY	0,815
RAQUEL MALVAREZ GARCÍA	NON PRESENTADO
LAURA TOIMIL BUJONES	NON PRESENTADO

**FINALIZACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN.-** Dándose por concluída a Fase de Oposición, e a efectos do disposto no artigo 10 das Bases que rexen a convocatoria, requírese aos aspirantes que teñan superado a fase de oposición, para que no improrrogable prazo de 3 ( tres ) días hábiles dende a publicación deste anuncio, presenten copia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados na instancia de solicitude de participación no proceso selectivo, a fin da súa valoración polo Tribunal segundo o disposto no artigo 5 das Bases.

**RÉXIME DE RECURSOS.-** Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.

Os aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no Rexistro Xeral do Concello deberán achegalas, tamén, por fax ( 886212843 ) no mesmo día da súa presentación para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.

**PUBLICACIÓN DO RESULTADO E REQUIRIMENTO DE ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN.-** O Tribunal dispón que polo secretario se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito no baixo da rúa Michelena, número 30, e de forma complementaria, se publique na sede electrónica do Concello de Pontevedra ( sede.pontevedra.gal ), a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes, requirindo aos mesmos a fin de que presenten no prazo de 3 ( tres ) días hábiles a contar dende a publicación deste anuncio, copia simple dos documentos xustificativos dos méritos alegados na instancia de solicitude de participación no proceso selectivo.

O Secretario do Tribunal na data da sinatura electrónica.

